

## PROTOCOLO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 2020

### 1. NORMAS DE ACCESO Ó CENTRO

Antes de vir ao centro todo o alumnado, aspirantes e as súas familias deberán constatar que non presentan ningún tipo de sintomatoloxía compatible coa infección (*febre, tose, dificultade respiratoria*). Ademais non deben asistir si conviven ou conviviron con persoas que tiveran ou sospeiten que podan ter a infección. En calquera destes casos deberán contactar coa Dirección do conservatorio para pór en coñecemento esta información e seguir as pautas que se lle indiquen.

- A. **Entrada ao centro:** polas portas de emerxencia. Visualizarán no exterior a indicación.
- B. **Saída do centro:** polas portas automáticas. Visualizarán no interior a indicación.

No momento de acceder ao centro deberán vir con **máscara** e, de ser o caso, cumprir as normas que o persoal destinado a tal fin lle poda indicar (*desinfección de mans, distancia de seguridade, etc.*).

### 2. CIRCULACIÓN DENTRO DO CENTRO

#### Desprazamento obrigatorio polas escaleiras:

- gardando sempre a dereita
- mantendo a distancia de seguridade
- empregando máscara en todo momento.

Non está permitido o uso do **ascensor** agás causa xustificada:

- instrumentos grandes e pesados,
- mobilidade reducida da persoa,
- calquera outra causa apreciada polo persoal do centro susceptible de ser autorizada.

No caso do alumnado que por algún motivo precise o emprego do ascensor deberá dirixirse ao persoal de conserxería e esperar as instrucións que se lle indiquen.

### 3. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO QUE CONCORRE ÁS PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (alumnado con materias pendentes de xuño)

Todos os/as alumnos/as **deberán presentarse no día e hora marcado na convocatoria para a realización das probas**, (<https://www.conservatoriourense.org/almacen/archivos/examesextraordinariossetembro2020.pdf>) debendo axustar o mais posible a súa chegada ó centro e evitando tempos de espera dentro do mesmo. Ademais deberá cinguirse aos **circuitos establecidos polo centro** coa fin de evitar coincidir nos mesmos espazos con outros usuarios. Lembrar que as datas e horas concretas estarán publicadas na páxina web do centro.

O centro disporá das medidas de organización, prevención e hixiene tanto para o acceso como para o propio desenvolvemento das probas. Estas medidas poden variar segundo sexa a especialidade instrumental do alumno/a. Non obstante, basicamente consistirán en:

- Acompañamento de pais, nais, titores:

Permitirase o acceso ao centro do/a **alumno sendo acompañado/a dun/dunha único/a responsable** (pai, nai, titor/a...) segundo a relación seguinte:

- a) **O alumnado de Grao Elemental** poderá ser acompañado, se é preciso, por un familiar ata a porta da aula onde se realizará o exame.
- b) **O alumnado de Grao Profesional** só poderá ser acompañado nos casos de presentar mobilidade reducida ou dificultade no desprazamento do instrumento.

- Previamente a acceder á aula onde se realice a proba:

- ✓ lavaremos as mans con auga e xabón,
- ✓ respectaremos as distancias,
- ✓ levaremos a máscara sempre,
- ✓ no accederemos aos aseos se detectamos hai unha persoa dentro,
- ✓ portaremos o imprescindible para a realización do exame (*DNI, libros e material instrumental*), evitando bultos e accesorios innecesarios,
- ✓ dentro da aula seguiranse as indicacións do profesor/a,
- ✓ na presenza do/da aspirante procederase á limpeza do instrumento (*no caso de instrumentos como piano, órgano, percusión...*) e/ou do material que se necesite para a realización da proba (*atrís, cadeiras...*) polo persoal asignado polo centro para dita tarefa.

#### 4. CUALIFICACIÓNS

As cualificacións estarán dispoñibles para o alumnado a partir do día **3 de setembro ás 17:00** horas na plataforma [centros.net](https://www.centros.net), á que se pode acceder a través da páxina web do conservatorio (<https://www.conservatoriourense.org/noticia/cualificacions-convocatoria-setembro.htm>)


#### 5. RECLAMACIÓNS

O prazo de reclamacións ás cualificacións é de **5 días** unha vez notificadas ou publicadas as mesmas.

#### 6. MATRÍCULA

O alumnado do centro desta convocatoria de setembro deberá formalizar a súa matrícula no curso 2020-2021 **entre os días 3 de setembro (unha vez publicadas a cualificacións) e ata o luns día 7 de setembro ás 14:00 horas**. O feito de non formalizar a matrícula no prazo establecido poderá carrexar a perda da praza. (<https://www.conservatoriourense.org/almacen/archivos/prazosmatrcuculasetembro2020.pdf>)

**A matrícula é completamente telemática**; as instrucións para facela están na web do centro, sección SECRETARÍA – MATRÍCULA (*aparecerá activada esta opción no seu momento, debendo escoller a do curso correspondente*).

  
A directora,

Dna. Purificación Iglesias Pateiro